

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027721	de Ames	Ames	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3029	Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	2023/2024	10	296	355

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RAMÓN FERNANDO RODRÍGUEZ PATIÑO, MARCOS EIJO LÓPEZ (Subst.)
Outro profesorado	MARCOS EIJO LÓPEZ

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos impártese no primeiro curso do ciclo formativo de formación profesional básica correspondente ao título profesional básico en Informática de Oficina.

Esta programación está baseada no DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o centro educativo IES Plurilingüe de Ames, que cumpre as condicións establecidas pola lexislación vixente en canto a espazos, instalacións, alumnado, etc. O instituto atópase na vila de Bertamiráns, no concello de Ames, a 10 km de Santiago de Compostela.

O módulo está contextualizado para a contorna na que se ubica o centro. Na súa contorna encóntranse varias empresas agrupadas na Asociación de Comerciantes de Ames, onde o alumnado pode realizar o módulo de Formación en Centros de Traballo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Elementos básicos eléctricos e electrónicos	Principios básicos da electricidade e compoñentes electrónicos básicos. Medición das distintas magnitudes.	18	5
2	Unidades funcionais dun ordenador	Coñecemento das distintas partes (unidades funcionais) dun equipo informático e da súa función.	18	5
3	A placa base	Identificación das partes principais dunha placa base e interpretación de manuais.	32	9
4	Compoñentes internos do ordenador	Identificación dos principais compoñentes internos, realizando comparativas entre as distintas alternativas en base ás súas prestacións e prezos.	32	9
5	Conectores e cableado	Coñecemento dos distintos conectores, puertos e buses utilizados nun ordenador, así como a súa finalidade.	32	9
6	Periféricos	Principais tipos de periféricos, características e finalidades.	22	6
7	Montaxe de compoñentes internos	Enxamblaxe e substitución de compoñentes internos, limpeza e cableado interno.	32	9
8	Montaxe de compoñentes externos	Instalación de compoñentes hardware externos e organización do seu cableado.	32	9
9	Verificación e testeo de compoñentes	Utilización de ferramentas de verificación e testeo.	32	9

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
10	Implantación de sistemas operativos (I)	Introdución ao software e aos distintos sistemas operativos, así como á súa instalación.	22	6
11	Implantación de sistemas operativos (II)	Configuración de sistemas operativos e xestión do almacenamento.	21	6
12	Mantemento de sistemas informáticos	Técnicas e ferramentas de mantemento dos sistemas informáticos.	32	9
13	Elementos consumibles	Tipos de consumibles informáticos, procedementos de substitución e reciclaxe.	10	3
14	Xestión lóxística	Operacións lóxicas: etiquetado, embalaxe, transporte, e ferramentas utilizadas.	10	3
15	Tratamento de residuos informáticos	Xestión de residuos informáticos, etapas do ciclo de reciclaxe, técnicas e fases do proceso de reciclaxe.	10	3

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Elementos básicos eléctricos e electrónicos	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características dos elementos eléctricos e electrónicos utilizados na montaxe de sistemas
CA1.2 Descríbense as operacións e as comprobacións previas á manipulación segura de compoñentes eléctricos e/ou electrónicos
CA1.3 Identifícanse as ferramentas e os dispositivos necesarios na manipulación segura de sistemas electrónicos

4.1.e) Contidos

Contidos
Corrente continua e corrente alterna. Lei de Ohm. Magnitudes eléctricas: intensidade, diferenza de potencial (tensión), resistencia, potencia e enerxía eléctrica. Aparellos de medida de magnitudes eléctricas. Efecto Joule.
Elementos eléctricos e electrónicos básicos: pilas e baterías, premedores, interruptores, fontes de alimentación, resistencias, condensadores, díodos (rectificadores e LED), transistores, etc.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Unidades funcionais dun ordenador	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Identifícaronse funcionalmente os compoñentes hardware para a ensamblaxe e/ou o mantemento dun equipamento microinformático

4.2.e) Contidos

Contidos
Unidades funcionais dun sistema microinformático.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A placa base	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Localizáronse os bloques funcionais en placas base utilizadas nos sistemas microinformáticos

4.3.e) Contidos

Contidos
0Zócolos e baías de expansión.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Compoñentes internos do ordenador	32

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Descríbense as características de dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de adestramento multimedia, etc

Crterios de avaliación

CA1.7 Descríbonse as características técnicas de cada compoñente de hardware (interno e externo) utilizado na montaxe e/ou no mantemento dun equipamento microinformático

4.4.e) Contidos
Contidos

Compoñentes dos sistemas microinformáticos: carcacas, fontes de alimentación, ventiladores e disipadores de calor, placas base, microprocesadores, memoria RAM e tarxetas de expansión.

Dispositivos de almacenamento: discos duros e lectores/gravadores ópticos e magnetoópticos. Características e tipos.

Dispositivos informáticos como portátiles, táboas, plataformas semiensambladas (barebone), de entretemento multimedia, etc.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Conectores e cableado	32

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Crterios de avaliación

CA1.9 Identifícanse os tipos de portos, baías internas, zócolos e cables de conexión (de datos, eléctricos, etc.) existentes nun equipamento microinformático

4.5.e) Contidos

Contidos
Buses e conectores de datos.
Cableamento e conectores de alimentación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Periféricos	22

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.10 Recoñecéronse e describíronse as características técnicas de dispositivos periféricos dun equipamento microinformático

4.6.e) Contidos

Contidos
Portos: paralelo, serie, USB, firewire (IEEE 1394), etc. Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras. Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Montaxe de compoñentes internos	32

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona e describe os compoñentes e as ferramentas para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos, en relacionándoos coa súa función e a súa aplicación na instalación	NO
RA2 - Ensambla os compoñentes de hardware dun equipamento microinformático, con interpretación de guías e instrucións, aplicando técnicas de montaxe	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Seleccionáronse as ferramentas necesarias para o procedemento de montaxe, substitución e/ou conexión de compoñentes hardware dun sistema microinformático
CA1.11 Descríbironse ordenadamente as instrucións para a realización da montaxe e o mantemento de sistemas microinformáticos
CA2.1 Comprobouse cada compoñente antes da súa utilización, seguindo as normas de seguridade establecidas
CA2.2 Interpretáronse as guías de instrucións referentes aos procedementos de integración ou ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware dun sistema microinformático
CA2.3 Montáronse placas base e fontes de alimentación en distintos tipos de carcasas
CA2.4 Ensambláronse os compoñentes de hardware internos (memoria, procesador, tarxeta de vídeo, pila, etc.) á placa base do sistema microinformático
CA2.5 Fixouse cada dispositivo ou tarxeta de expansión na ranhura ou slot correspondente, segundo guías detalladas de instalación
CA2.6 Conectáronse adecuadamente os compoñentes de hardware internos (como discos duros, dispositivos ópticos, etc.) que necesiten cables de conexión, para a súa integración no sistema microinformático

4.7.e) Contidos

Contidos
Tipos e elementos de fixación dos compoñentes ás carcasas.
Seguridade no uso de ferramentas e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Seguridade eléctrica: medidas de prevención de riscos eléctricos; danos producidos por descarga eléctrica.
Ferramentas utilizadas nos procedementos de montaxe de sistemas e periféricos microinformáticos.

Contidos
Procedementos de ensamblaxe, substitución e conexión de compoñentes de hardware de sistemas microinformáticos. Técnicas de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos. Guías de instrucións de compoñentes de sistemas microinformáticos. Seguridade nas operacións de montaxe, substitución e conexión de compoñentes e periféricos microinformáticos.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Montaxe de compoñentes externos	32

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos
CA6.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos

4.8.e) Contidos

Contidos
Periféricos básicos: monitor, teclado, rato e impresoras. Outros periféricos: altofalantes, micrófono, escáner, dispositivos multimedia, etc.

Contidos
A persoa emprendedora na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe e o mantemento de sistemas e compoñentes informáticos.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Verificación e testeo de compoñentes	32

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Comproba a funcionalidade dos elementos do sistema, os soportes e os periféricos instalados, utilizando procedementos de test axeitados	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Aplicáronse a cada compoñente de hardware e a cada periférico os procedementos de comprobación adecuados
CA4.2 Verificouse que o equipamento microinformático realice o procedemento de acendemento e de POST ("power on self test") e, de ser o caso, identificouse a orixe dos problemas
CA4.3 Comprobouse a funcionalidade dos soportes para almacenamento de información
CA4.4 Utilizáronse as ferramentas e as guías de uso para comprobar o estado e a funcionalidade dos soportes de almacenamento e da información contida nestes
CA4.5 Verificouse a funcionalidade na conexión entre compoñentes do equipamento microinformático e cos periféricos
CA4.6 Utilizáronse ferramentas de configuración, control e comprobación de verificación do correcto funcionamento do sistema
CA4.7 Rexistráronse os resultados e as incidencias producidas nos procesos de comprobación da funcionalidade dos sistemas microinformáticos

4.9.e) Contidos

Contidos
Técnicas de verificación e test de sistemas microinformáticos.
Software de test e verificación.
Ferramentas de verificación e diagnóstico de sistemas microinformáticos.
Procedementos de POST ("power-on self test").
Verificación da funcionalidade dos soportes de almacenamento e da integridade da información contida neles.
Verificación da conexión de dispositivos periféricos no sistema microinformático.
Informes de resultados e incidencias producidas nos procesos de comprobación de sistemas microinformáticos.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Implantación de sistemas operativos (I)	22

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala sistemas operativos libres e propietarios identificando as fases do proceso en relación coa funcionalidade da instalación	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os pasos para a instalación e a actualización de sistemas operativos
CA3.2 Instaláronse e configuráronse sistemas operativos segundo as instrucións recibidas
CA3.3 Instaláronse actualizacións e parches do sistema operativo segundo as instrucións recibidas

Criterios de avaliación

CA3.5 Verifícaronse e reparáronse posibles erros do proceso de carga do sistema operativo

4.10.e) Contidos
Contidos

Software básico dun sistema informático.

Funcións do sistema operativo.

Utilización do sistema operativo.

Sistemas operativos actuais libres e propietarios.

Proceso de arranque de equipamentos microinformáticos.

Instalación e actualización de sistemas operativos libres e propietarios.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Implantación de sistemas operativos (II)	21

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala sistemas operativos libres e propietarios identificando as fases do proceso en relación coa funcionalidade da instalación	NO

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.4 Instaláronse e configuráronse aplicacións de software en sistemas operativos
CA3.6 Utilizáronse as ferramentas de control de estruturas de directorios e de xestión de permisos
CA3.7 Anotáronse os posibles fallos producidos na fase de arranque do equipamento microinformático
CA3.8 Realizáronse copias de seguridade dos datos
CA3.9 Descríronse as funcións de replicación (clonación) de discos e particións en sistemas microinformáticos
CA3.10 Utilizáronse ferramentas de software para a creación e a restauración de imaxes de discos ou particións
CA3.11 Verificouse a funcionalidade da imaxe restaurada

4.11.e) Contidos

Contidos
0Ferramentas de creación e implantación de imaxes e réplicas de sistemas: orixes de información; procedementos de implantación e de verificación de imaxes e réplicas de sistemas. Operacións con sistemas de ficheiros, directorios e permisos. Instalación e configuración de aplicacións software en sistemas operativos libres e propietarios. Copias de seguridade de datos.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	Mantemento de sistemas informáticos	32

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	NO

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Comprobase por medio de indicadores luminosos que os periféricos conectados ao sistema teñan alimentación eléctrica e que as conexións de datos estean ben realizadas
CA5.4 Descríbense as características dos compoñentes, dos soportes e dos periféricos para coñecer os aspectos que afecten o seu mantemento
CA5.5 Utilizáronse as guías de fábrica para identificar os procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos
CA5.6 Realizouse a limpeza de compoñentes, soportes e periféricos respectando as disposicións técnicas establecidas por fábrica e mantendo a súa funcionalidade

4.12.e) Contidos

Contidos
Comprobación da correcta conexión de periféricos ao sistema.
Técnicas auxiliares de mantemento de sistemas microinformáticos: mantemento preventivo e periódico.
Procedementos de limpeza de compoñentes, soportes e periféricos.

4.13.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
13	Elementos consumibles	10

4.13.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento básico de sistemas informáticos, soportes e periféricos, tendo en conta a relación entre as intervencións e os resultados que cumpra conseguir	NO

4.13.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.2 Descríbense os elementos consumibles necesarios para seren utilizados nos periféricos de sistemas microinformáticos
CA5.3 Utilizáronse as guías técnicas detalladas para substituír elementos consumibles
CA5.7 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo segundo as normas recomendables para a súa eliminación ou a súa reciclaxe

4.13.e) Contidos

Contidos
Medidas de conservación e reciclaxe de elementos consumibles.
Procedementos de substitución de elementos consumibles.
Seguridade na manipulación e na substitución de elementos consumibles.

4.14.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
14	Xestión lóxística	10

4.14.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	NO

4.14.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Descríbense as condicións para manipular, transportar e almacenar compoñentes e periféricos dun sistema microinformático

Criterios de avaliación
CA7.2 Identifícaronse os tipos de embalaxe para o transporte e/ou a almacenaxe de cada dispositivo, periférico e consumible
CA7.3 Utilizáronse as ferramentas necesarias para realizar as tarefas de etiquetaxe previas á embalaxe e/ou a almacenamento de sistemas, periféricos e consumibles
CA7.4 Utilizáronse os medios auxiliares adecuados para os elementos que se vaian transportar
CA7.5 Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación e no transporte de elementos e equipamentos
CA7.6 Comprobouse que os compoñentes recibidos se correspondan co albará de entrega e que estean en bo estado
CA7.7 Rexistráronse as operacións realizadas seguindo os formatos establecidos

4.14.e) Contidos

Contidos
<p>Técnicas de etiquetaxe, embalaxe, almacenamento e transporte de sistemas e compoñentes informáticos.</p> <p>Procedementos e ferramentas de etiquetaxe.</p> <p>Embalaxe de compoñentes e periféricos dun sistema microinformático.</p> <p>Precaucións para considerar no traslado de sistemas microinformáticos.</p> <p>Normativa de prevención de riscos laborais no transporte e na almacenaxe de produtos.</p> <p>Albarás de transporte.</p>

4.15.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
15	Tratamento de residuos informáticos	10

4.15.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Almacena equipamentos, periféricos e consumibles, e describe as condicións de conservación e etiquetaxe	NO

4.15.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.8 Recolléronse os residuos e os elementos de refugo para a súa eliminación ou reciclaxe

4.15.e) Contidos

Contidos
Tratamento, reciclaxe e eliminación de residuos informáticos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Realizarase un exame ao final de cada trimestre, con tantos bloques como unidades conteña.</p> <p>A nota de cada tema (unidade) virá determinada por:</p> <ul style="list-style-type: none">- 30 % - Exame teórico/práctico.- 60% - Tarefas avaliáveis entregadas na clase e controis realizados.- 10 % - Desempeño en clase (traballo diario, participación na clase,) <p>Para poder aprobar unha unidade é necesario obter unha cualificación de polo menos 4 puntos (sobre 10) no exame da devandita unidade.</p> <p>Nota da avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Media ponderada da nota de cada unidade.- Para aprobar a avaliación é necesario ter aprobadas todas as unidades. <p>TAREFAS E CONTROIS EN CLASE</p>
--

O 60% da nota de cada unidade determinarase mediante a realización de tarefas e controis na clase.

- Ao longo das clases propoñeranse unha variedade de cuestionarios e tarefas, tanto individuais como colaborativas.
- Deixarase tempo en clase para a súa realización, aínda que ás veces tamén se poderán realizar na casa.
- Realizaranse controis avaliábeis para resolver exclusivamente na clase.

Data de entrega:

- Existirá unha data de entrega para as tarefas.
- As tarefas entregadas fóra de prazo, pero antes da data límite, serán puntuadas sobre o 50 % do total.
- Superada a data límite non se poderán entregar tarefas e a nota será 0.

Os prazos, datas de entrega e data límite (de habela) variarán en cada tarefa. É responsabilidade do alumno prestar atención ás datas de entrega e límite.

DESEMPEÑO EN CLASE

O 10% da nota de cada unidade determinarase polo desempeño na clase.

En cada unidade comézase con 5 puntos (dun máximo de 10), e pódense gañar puntos a través de positivos, ou perdelos por negativos.

Exemplos de negativos:

- Falta inxustificada de asistencia ou puntualidade.
- Uso indebido do ordenador da aula, uso inxustificado de Internet, videoxogos, etc.
- Uso do teléfono móbil.
- Mal comportamento, falta de respecto, etc.

Exemplos de positivos:

- Participación en clase. Respondendo ás preguntas do profesor.
- Colaboración con outros compañeiros.
- Entrega das tarefas correctas na data recomendada.

PLAXIO E COPIA

- A entrega de tarefas plaxiadas da Internet ou copiadas doutros compañeiros implica automaticamente un cero no 60% da nota reservada á tarefas, e un cero no 10 % da nota reservada ao desempeño en clase.
- Copiar no exame final de avaliación implica automaticamente un cero en todas as unidades avaliadas nese exame.

FALTAS DE RESPECTO E MAL COMPORTAMENTO

- A falta do debido respecto ao profesor poderá ser sancionada na nota da avaliación. Entenderase como faltas de respecto, todas aquelas xa recollidas na lexislación vixente e tamén o incumprimento dalgunha das normas de uso das aulas.
- Do mesmo xeito, é fundamental o comportamento correcto e a colaboración na clase por parte do alumnado. A falta de disciplina e as condutas graves que impidan o normal desenvolvemento das clases poderán ser penalizadas e restarase un 30% da nota.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non supere algunha unidade didáctica poderá optar a un exame de recuperación ao final do curso, condicionado á entrega das tarefas encomendadas polo profesor, e que terá como obxectivo a aprendizaxe das partes pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria consistirá nunha proba final que se realizará ao finalizar o curso. Nela avaliaranse todos os criterios de avaliación do currículo, tanto os marcados como mínimos esixibles como os que non. Para iso será necesario realizar dúas probas:

- Unha primeira proba escrita e eliminatoria, con preguntas de resposta curta e tipo test.
- Unha segunda proba práctica con supostos prácticos concretos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Co obxectivo de facer fronte a imprevistos, atrasos ou adiantos propiciados, entre outras causas, por diferenzas entre o tempo estimado e o tempo real empregado nas tarefas, realizarase o seguimento da programación ao finalizar cada unidade didáctica. O profesor reflectirá o seguimento no seu caderno de aula e trasladarao á aplicación informática, así como poñerao en coñecemento do resto de docentes do departamento. Prestarase especial atención a propostas de mellora para as unidades seguintes e ao próximo curso, incluíndoo por tanto na memoria fin de curso.

A avaliación da propia práctica docente será efectuada polo mesmo profesor, que deberá realizar un proceso de reflexión valorando os logros obtidos polo seu alumnado e o nivel de consecución dos obxectivos propostos, analizando a idoneidade da programación e as actividades propostas así como da propia metodoloxía didáctica empregada. Así mesmo os alumnos participarán desta avaliación a través da realización de enquisas ao finalizar cada trimestre.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Con fin de detectar os coñecementos previos dos alumnos sobre os cales apoiar as novas aprendizaxes, así como determinar características diversas dos mesmos que poidan requirir actuacións especiais por parte do equipo docente, realizarase unha avaliación inicial durante a primeira unidade didáctica do curso. Esta levarase a cabo de maneira informal con dinámicas de grupo, así como cun pequeno cuestionario que sirva para avaliar de forma máis precisa a cada alumno. De todos os alumnos buscarase coñecer o grao de motivación co que veñen predispostos así como os seus gustos, co afán de aproveitar esta información para adaptar, na medida do posible, as distintas actividades facéndoas máis afíns ás súas inquietudes e conseguir maior implicación, e mellores niveis de atención e compromiso.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A diversidade do alumnado na aula require de estratexias variadas por parte do docente. En termos xerais, as medidas de reforzo a adoptar para compensar as diferenzas na formación previa ou as distintas capacidades de aprendizaxe do alumnado serán:

- Proporcionar material didáctico complementario como repaso e reforzo, tanto en formato escrito como en vídeo, para así adaptarse aos distintos estilos de aprendizaxe.
- Graduar o nivel de dificultade das actividades facéndoas máis alcanzables ou esixentes.
- Fomentar a colaboración entre os alumnos e, nas actividades grupais, promover grupos heteroxéneos e a equidade na distribución das tarefas.
- Supervisar o desenvolvemento das actividades durante a súa realización para evitar o seu abandono.

Para aqueles alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) estarase en contacto co departamento de Orientación para adoptar as medidas máis adecuadas, co visto e prace da Xefatura de estudos.

Como ferramenta de axuda para acadar esta atención individual empregárase a aula virtual (Moodle), pois permite plantexar e corrixir tarefas dun xeito persoal.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo de todo o curso, traballaranse transversalmente aspectos relativos a:

- Lectura comprensiva.
- Comunicación oral e escrita.
- Mecanografía.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e a comunicación (uso de ferramentas TIC).
- Educación para a convivencia, en especial a tolerancia con outras culturas.
- Educación en valores, en especial a igualdade entre xéneros.
- Respecto ao medio ambiente (reutilización e reciclaxe de equipos informáticos).
- Autonomía e iniciativa persoal: toma de decisións.
- Traballo en equipo.
- Prevención de riscos laborais (o uso intensivo do ordenador entraña riscos físicos e psicolóxicos)
- Emprendemento, á actividade empresarial e á orientación laboral.
- Aprendizaxe proactivo. O alumnado ten todas as ferramentas para ser protagonista da súa propia aprendizaxe.
- Lectura comprensiva da lingua inglesa (moitos dos manuais técnicos están dispoñibles exclusivamente en inglés polo que é preciso que o alumno posúa uns coñecementos básicos deste idioma, polo menos a nivel de tradución. Potenciarase o seu coñecemento e a súa práctica).
- Capacidade de aprender a aprender (en gran parte das actividades potenciarase a autonomía do alumno, incentivando a investigación e a análise crítica da información recabada de Internet).
- Liberdade tecnolóxica (fomentarase o uso de software libre e valorarase a propiedade intelectual).

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Algunhas das actividades complementarias organizadas polo centro son:

- Deseño e pegada de carteis "Rompendo cos estereotipos" no 25 de Novembro Día internacional da eliminación das violencias contras as mulleres.



- Construcción de papeleiras para a separación selectiva de residuos na aula.
- Proxecto e-Twinning de cooperación con outros centros (de Inglaterra, Sáhara Occidental, ...).
- Festival Just Dance.
- ...

A maiores, co fin de orientar ao alumnado cara ao mercado laboral, pero sen descartar a posibilidade de continuar os seus estudos en ciclos medios, tentaranse realizar as seguintes visitas:

- Visita ao Museo do Videoxogo de Cangas (MUVI).
- Visita ao CESGA ou ao CPD do Sergas.
- Visita a algunha empresa privada como Televes S.A.U. ou Osventos Innovación en Servizos, S.L.
- Visita a algunha empresa da Asociación de Comerciantes de Ames (Xea - Xuntanza de empresarios de Ames).
- Asistencia presencial (ou vía telemática) a eventos de interese que se organicen na Cidade da Cultura de Galicia (Galicia Maker Faire, GaiasTech, Ciber.gal)

Aos estudantes máis avanzados recomendaráselle a realización dalgún curso de tipo MOOC (cursos en liña masivos e abertos) onde complementar e profundizar as súas aprendizaxes.